

# PLAN DIXITAL

## CEIP PLURILINGÜE LAGOSTELLE

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome: Ceip Plurilingüe Lagostelle

Dirección: r/ Ferrol s/n – Guitiriz

CP : 27300

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/>

Email: [ceio.lagostelle@edu.xunta.gal](mailto:ceio.lagostelle@edu.xunta.gal)

Etapas educativas: Ed. Infantil e Primaria.

Nº alumnado: 252

Nº profesorado: 27

### 1.2. 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado no concello de Guitiriz o cal pertence á provincia de Lugo e á comarca da Terra Cha. Esta vila termal, de 294 km<sup>2</sup> de extensión, delimita cos concellos de Xermade, Vilalba, Begonte, Friol (pertencentes á provincia de Lugo); Sobrado, Curtis-Teixeiro, Aranga e Monfero (da provincia de A Coruña).

O Concello conta con máis de 5.000 habitantes e divídese en 18 parroquias que posúen un gran Patrimonio Histórico-Cultural. É un concello moi extenso e disperso.

O alumnado que temos na actualidade proven na súa maioría do entorno rural, aínda que curso a curso increméntase o número de familias que cambia a súa residencia para o centro urbano da vila.

Como é un proxecto novo, aínda non temos definido con exactitude como integrar o PD nos diferentes plans que temos na actualidade. Loxicamente as novas tecnoloxías están aquí para quedarse e facilitarlle o alumnado e profesorado unha serie de ferramentas que fagan máis atractivos os diferentes métodos educativos. Ao non contar con demasiados medios no día a día e complicado aventurarse en como integrar este proxecto.

No noso centros estabamos a poñer en marcha un Plan Tic, con diversos obxectivos (partindo do máis simple) que foran permitíndolle ó alumnado adquirir unha competencia dixital óptima antes de rematar esta etapa educativa. Durante este últimos cursos fomos conscientes da falta de coñecementos a nivel usuario dos que carecen, en moitos casos pola falta de equipos ou conexión no fogar pero na maioría por falta de base.

O proxecto educativo está obsoleto ( é moi antigo) estamos a renovalo e cambiar moitas cousas polo que integraremos as novas tecnoloxías e polo tanto o PD do mellor xeito posible.

Actualmente estamos no primeiro ano do proxecto E-Dixgal polo que temos dúas aulas totalmente equipadas e o alumnado conta co seu propio equipo. Está sendo un curso de proba pero o alumnado está a responder moi positivamente.

Por todo isto na PXA incluimos referencias continuas a competencia dixital e integrando as novas tecnoloxías no día a día do centro.

### 1.3. 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023.

#### 1.4. 1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital do centro foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital, composto por mestres e mestras pertencentes ao equipo TIC xunto coa colaboración de todo o profesorado e equipo directivo do centro.

Periodicamente, leváronse a cabo varias reunións para poñer en común todo o proceso de elaboración do plan, compartindo opinións e ideas e debatendo sobre as actuacións a ter en conta para acadar os obxectivos do plan.

Ademais estamos a facer un PFPP onde se integran o equipo anteriormente citado e outro profesorado do centro interesado no mesmo.

Para a súa elaboración comezouse cunha enquisa do SELFIE a todo o profesorado implicado no centro, obtendo uns resultados que foron analizados por todo o equipo. Posteriormente, pasóuselle ao profesorado o enlace para realizar o Test de Competencia Dixital Docente. Cos resultados obtidos no SELFIE realizouse un DAFO coas cuestións con menor puntuación e as achegas que fixo o profesorado. O seguinte paso foi elaborar o Plan de Acción fixando unha serie de obxectivos a acadar e as actuacións que se levarán a cabo para alcanzalos e, finalmente, a elaboración do presente Plan Dixital.

## 2. 2. Situación de partida

### 2.1. 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Respecto o equipamento, non quedou recollido cando foi o último envío de material por parte da Consellería. Todos os equipos cos que conta o centro enviados por ela son moi antigos e están totalmente obsoletos, tanto por software como hardware e de feito estamos a retirar a maioría xa que non poden empregarse.

Actualmente dispoñemos de cobertura sen fíos en todos os edificios, tanto da rede da xunta como da rede do centro. Ademais no edificio administrativo e en tres das aulas do edificio principal contamos con conexión de cable.

Neste curso contamos:

- Proxecto E-Dixgal: Dúas aulas de 5º de EP as cales teñen PDI.
- Equipos de xestión: temos dous portátiles e un pc de sobremesa para o equipo directivo, adquirido polo centro.
- A sala do profesorado conta de tres portátiles relativamente novos adquiridos polo centro.

- Temos tamén un aula de informática con quince pcs bastante antigos os cales fallan a miúdo e non son suficientes para todo o alumnado da clase.
  - A biblioteca conta cun portátil para uso do profesorado e tres ordenadores de sobremesa para o alumnado.
  - Non dispoñemos de equipos ultra portátiles.
  - Cada unha das aulas conta cun portátil, (varios deles bastante antigos) e un proxector. A maioría adquiridos polo centro.
  - O departamento de Orientación conta cun pc e as Aulas Preferentes con séndoos portátiles.
  - Temos ademais un portátil dotado especificamente para a mestra de Lingua Estranxeira pola administración (centro plurilingüe).
- Servizos dixitais educativos: empregamos moito a páxina web corporativa do centro (onde colgamos todas as novas, avisos e actividades que realizamos). Ademais, todos os avisos, notificacións ou alertas envíanse a través de Abalar.  
Todos os cursos e especialidades teñen habilitada na Aula Virtual o seu curso <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/aulavirtual/>
  - Servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente: Como se indicou con anterioridade, empregamos a miúdo o servizo abalar. O 95% das familias teñen instalado Abalarmóbil.
  - Xestión do mantemento do equipamento do centro: lévaa a cabo o equipo directivo que o mantén actualizado.
  - Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC :
    - *Plan de Continxencia* <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/node/396>
    - *Plan de Ensino Virtual* <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/node/430>

### 2.2.2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	4.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	4.1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoi e Recursos	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.4				

	Alumnado	4				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado					
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	4.4				

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	13	14	92,9%
<b>PROVISIONAL</b>	11	11	100%
<b>INTERINO</b>	1	1	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	1	100%
<b>DESPRAZADO</b>	-	-	-

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
92,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf.</b>	83.3	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
<b>Pri.</b>	88.9	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>A2</b>	3	11.5%
<b>B1</b>	10	38.5%
<b>B2</b>	10	38.5%
<b>C1</b>	3	11.5%
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	26	100%

### 2.4. 2.3. Análise DAFO

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	1. CENTRO EDIXGAL 2. AULA DE INFORMÁTICA	1. FALTA DOTACIÓN DE EQUIPOS (PIZARRAS DIXITAIS) 2. EQUIPOS INFORMÁTICOS LENTOS E CON SOFTWARE ANTIGO 3. EQUIPOS OBSOLETOS

<b>CATEGORÍAS</b>			4. CONEXIÓN WIFI
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	1. PROFESORADO EN CONSTANTE FORMACIÓN	1. FALTA DE TEMPO EN HORARIO ESCOLAR 2. FALTA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE MANEIRA PRESENCIA, PRÁCTICA E REAL
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	1. PROMOCIÓN DO DESARROLLO PERSOAL DO ALUMNADO	
	<b>FAMILIAS</b>		1. FALTA DE FORMACIÓN DAS FAMILIAS NO MUNDO TIC
	<b>OFERTA</b>	1. BANCO DE TEMPO RELACIONADO COAS TICS: "FAMILIAS", "DOCENTES"	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	1. TRABALLO COLABORATIVO CO IES	1. SOBRECARGA DE ACCIÓNS E PROXECTOS QUE CHEGAN AO CENTRO

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	1. DOTACIÓN E ORZAMENTO ESPECÍFICO 2. IMPULSO DA ADMINISTRACIÓN 3. ACHEGAMENTO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS AOS FOGARES	1. UTILIZACIÓN DE MEDIOS ELECTRÓNICOS COMO LIBROS DE TEXTO 2. IMPOSICIÓN DE BUROCRACIA 3. TEMPOS ESCASOS PARA CUMPRIR OS OBXECTIVOS
	<b>LEXISLACIÓN</b>		1. CAMBIOS NORMATIVOS
	<b>CONTORNA</b>	1. UN PASO MÁIS HACÍA O FUTURO TECNOLÓXICO	1. FENDA DIXITAL NO ÁMBITO RURAL
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. FORMACIÓN TIC POR PARTE DO CONCELLO	



### 3. 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos reflectidos no plan de acción veñen recollidos en base aos datos das menores puntuacións obtidas na enquisa SELFIE, no test CDD e no DAFO elaborado. Nas seguintes táboas aparecen reflexados e as accións que se levarana a cabo para a súa consecución.

#### 3.2. 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Respecto a este apartado temos moitas necesidades que cubrir.

Necesitaríamos ter todas as aulas de Educación Primaria cableadas para que o profesorado tivese unha maior velocidade de conexión a internet.

No tócate o equipamento e onde máis necesidades atopamos xa que a metade do profesorado ten equipos moi antigos (tanto ordenadores de sobremesa coma portátiles). O centro foi adquirindo nestes últimos cursos pero resultou moi custoso para o noso presuposto.

Non temos apenas pizarras dixitais, contamos con 3 cedidas no seu día polo proxecto abalar e outras 3 adquiridas polo centro (co custo que iso supón). Loxicamente este tipo de material supón para o profesorado unha ferramenta moi atractiva para o traballo diario co alumnado.

A aula de informática precisa de máis equipos e máis modernos. Este curso fixemos unha inversión importante e, nos que merecía a pena, instalóuselle un SSD e memoria RAM, pero non era posible en todos.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: LIDERAZGO						
<b>OBXECTIVO 1</b>	Mellorar o entorno virtual do centro como medio de comunicación e traballo co alumnado e as familias				Acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo directivo e coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Mellora no emprego das TICs para un uso cotidiano.					
<b>Valor de partida</b>	As familias e alumnado está pouco familiarizado co emprego da aula virtual e as súas posibilidades. A meirande parte non accede a páxina web do centro para informarse por non ter o nivel adecuado.					
<b>Valor previsto e data</b>	Experimentación de todo o alumnado no uso da páxina web			DATA: Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Utilizar a páxina web como unha canle de comunicación e difusión de eventos no centro.	Equipo directivo	Setembro- Outubro 2022	Páxina web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Continuación coa actualización e mantemento da páxina Web do centro.	Equipo directivo e coordinador TIC	Durante o curso 2022-2023	Páxina web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación e difusión de titoriais na web das posibilidades da aula virtual e páxina web.	Coordinador TIC e equipo directivo	Xuño 2023	Ordenador e cámara		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Experimentación do alumnado no emprego da aula virtual e páxina web do centro.	Titores/as	Curso 2022-2023	Ordenadores e software actualizado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS

<b>OBXECTIVO 2</b>	Mellorar e optimizar os equipos informáticos do centro			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable</b>	Equipo directivo e coordinador TIC			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Mellora do equipamento					
<b>Valor de partida</b>	A maioría do profesorado afirma que non hai no centro dispositivos dixitais para a ensinanza e o profesorado, principalmente, pero tamén o alumnado e os membros do equipo directivo consideran que se necesitan máis dispositivos dixitais para que o alumnado poida empregar.					
<b>Valor previsto e data</b>	Cubrir as necesidades básicas do centro			DATA: Xuño 2024		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Actualización e publicación aos mestres/as do inventario de equipamento TIC do centro.	Coordinador TIC e equipo directivo	Setembro 2022	Enquisa		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2: Informe da necesidade de equipos informáticos no centro.	Coordinador TIC	Setembro 2022	Formulario de Google		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.3: Fixar unha partida presupostaría dos fondos económicos do centro para mercar os equipos básicos necesarios.	Equipo directivo e consello escolar	Xuño 2024	Consello escolar		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA**

<b>OBXECTIVO 3</b>	Utilizar as TIC como medio para perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización: programación, gamificación, recollida de datos (asistencia, comportamentos, observacións), cuestionarios, memorias, plans, situacións de aprendizaxe, xestión académica...			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable</b>	Equipo directivo e coordinador TIC			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Emprego das TICs na actividade docente					
<b>Valor de partida</b>	Non se valora o progreso en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais, un alto porcentaxe de docentes pensan que non teñen a competencia dixital suficiente. A meirande parte do profesorado non emprega ferramentas dixitais para traballos de cooperación e non se fomenta a participación de proxectos interdisciplinarios entre o alumnado (SELFIE).					
<b>Valor previsto e data</b>	Progresar no uso habitual e emprego das TICs na aula.			DATA: Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Enquisa ao profesorado sobre a realización de cursos sobre ferramentas dixitais.</b>	Coordinador TIC	Setembro 2022	Formulario de Google		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Creación dun grupo de traballo ou PFPP para a formación do profesorado.</b>	Coordinador da formación do centro	Setembro-Outubro 2022	CEFORE		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3: Coordinación e organización de formacións para o profesorado sobre ferramentas dixitais.</b>	Coordinador da formación do centro	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Táboas de actividades a realizar nas diferentes clases</li> <li>- Horarios da aula de informática</li> </ul>		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## **4. 4. Avaliación do plan**

### **4.1. Seguimento do plan de acción**

A avaliación do plan dixital realizase mediante un proceso de seguimento na consecución dos obxectivos marcados, na que podemos distinguir dous momentos diferenciados.

Por un lado, realizase unha avaliación procesual que consiste nunha reunión mensual por parte do equipo TIC que será o mesmo que avalíe o procedemento do plan dixital. Nesta reunión, abóndase o grao de adquisición das accións levadas a cabo para conseguir cada un dos obxectivos e as medidas a adoptar para a súa consecución. Polo tanto, durante cada trimestre de curso, realizaremos entre 3 e 4 reunións.

Por outro lado, a avaliación final será a que nos indique a final de curso se os obxectivos marcados no plan foron alcanzados e a pauta a seguir para o seguinte curso (novos obxectivos, complicacións, medidas a adoptar...).

### **4.2. Propostas de mellora (revisión)**

En base aos resultados obtidos na avaliación do procedemento, redactáranse as propostas de mellora de dito plan.

## **5. 5. Difusión do plan**

A realización e consistencia do plan dixital será comunicado na web corporativa do centro, así como nas redes sociais do mesmo para así lograr unha alta visibilidade e poida chegar a toda a comunidade educativa .